



A violencia de xénero, violencia contra as mulleres.

A violencia de xénero, violencia contra as mulleres.

Nacer nena é un factor de risco! Sermos mulleres lévanos a padecer diferentes tipos de violencia ó longo da nosa vida.

1. Datos e informes confirman unha realidade da que somos cada vez máis conscientes:

1.1. Na primeira década deste século, morreron 690 mulleres por violencia de xénero no Estado Español,

oito veces máis vítimas mortais das que provocou o terrorismo nese mesmo período (Ministerio Interior, 2010).

Neste ano 2011, a piques de rematar o mes de outubro, son xa 57 as mulleres asasinadas polas súas parellas. No ano 2010 foron 88 as mulleres asasinadas (Comisión para la Investigación de Malos Tratos a Mujeres, 2011).

As mulleres máis

novas non escapan a esta violencia: desde o ano 2005, máis de 1800 rapaces menores de idade foron denunciados no Estado Español por violencia machista (Fundación Mujeres).

Entre as mulleres de 15 a 44 anos de todo o mundo, os actos de violencia causan máis mortes e discapacidades que o cancro, a malaria, os accidentes de tráfico e a guerra xuntos (UNIFEM, 2010).

Cada ano arredor de 30.000 mulleres e nenas son asasinadas en todo o mundo por membros da súa familia “en defensa

do seu honor” (Fundación Mujeres, Boletín 83, 2006).

Entre o 40 e o 70% das mulleres vítimas de asasinato, morreron a mans dos seus esposos ou noivos en Australia, Canadá e Israel. Nos Estados Unidos, 1/3 das mulleres asasinadas cada ano morren a mans dun compañeiro íntimo. En Sudáfrica, unha muller é asasinada cada seis horas por un compañeiro íntimo. Na India, foron asasinadas 22 mulleres por día en 2007 por motivos relacionados co dote. En Guatemala son

asasinadas dúas mulleres de media cada día. En Sao Paulo -Brasil- unha muller é agredida cada 15 segundos (UNIFEM, 2010).

1.2. Ademais, a violencia de xénero tamén ten forma de malos tratos, violación e agresións sexuais diversas a mulleres adultas e nenas.

No Estado Español, un 69% de mulleres son forzadas a realizar prácticas sexuais non desexadas e un 49% son forzadas a manter relacións sen protección. Un 77% de mulleres sofre violencia durante o embarazo, un 54% padecen importantes problemas de saúde a causa do maltrato, un 67% non tiveron liberdade de decisión sobre o seu embarazo e un 26% sofre violencia sexual por parte dun home que non é a súa parella senón o pai, un tío ou un amigo (Federación de Mulleres Progresistas, 2010).

Nos países da UE, entre o 40 e o 50 % das mulleres experimentan algún tipo de acoso sexual no seu lugar de traballo (Eurobarómetro, 2010).

A nivel mundial, unha de cada tres mulleres é obxecto de agresións sexuais ou é vítima doutros malos tratos

ó longo da súa vida (UNIFEM, 2010).

As mulleres e as nenas conforman o 80% das 800.000 persoas sometidas anualmente á trata, na súa maioría (79 %) para a explotación sexual (UNIFEM, 2010).

Ademais do comercio de armas e do narcotráfico, o terceiro negocio máis importante do mundo por volume e beneficios é o da pornografía e a prostitución. No Estado Español, segundo datos dispoñibles, o comercio sexual move 40 millóns de euros diarios (Fundación Mujeres, Boletín 83, 2006).

1.3. Nos contextos bélicos a violencia de xénero aínda se acentúa máis.

En Bosnia, foron violadas entre 20.000 e 50.000 mulleres durante o conflito de principios da década dos 90. No xenocidio de Ruanda (1994) foron obxecto de violación 10 veces máis mulleres que en Bosnia (UNIFEM, 2010). A violación de mulleres converteuse nun método deliberado de arma de guerra, un crime que permanece impune (UNIFEM, 2010).

1.4. Calquera situación de pobreza afecta de forma máis dramática ás mulleres.

A ONU confirma que no continente asiático faltan 100 millóns de mulleres debido sobre todo ó abandono e ó infanticidio feminino. En moitos países incluso hai violencia contra as mulleres antes de nacer pola práctica do feticidio ou aborto selectivo por xénero.

Dous terzos das mulleres asiáticas, a metade das africanas e unha de cada seis latinoamericanas padecen algún tipo de anemia por desnutrición, exceso de traballo ou reiterados embarazos. Nos países do Norte a psicopatoloxía de maior mortalidade é a anorexia favorecida polos canons de beleza impostos pola moda (UNIFEM).

As enfermidades cardiovasculares -a miúdo consideradas un problema "masculino"- son a principal causa de mortalidade entre as mulleres a nivel mundial. A atención sanitaria ás mulleres é deficitaria porque tanto a ciencia e os protocolos médicos, como os modelos de saúde teñen como referencia universal o

A violencia de xénero, violencia contra as mulleres.

corpo masculino (OMS, 2009).

Brasil conta con 8 millóns de mulleres esterilizadas sen o seu consentimento. Tanto as normativas de esterilizacións forzosas como o dereito á interrupción voluntaria do embarazo lexíslanse en función de intereses alleos ó coidado do corpo e á vontade das mulleres.

O 70% das persoas que viven en situacións de pobreza extrema son mulleres: 829 millóns sobre un total de 1.300 millóns (UNIFEM, 2010).

Máis do 50% da poboación total refuxiada no mundo son mulleres e nenas (ACNUR, 2011).

Dos 876 millóns de persoas analfabetas no mundo, máis de 600 millóns son mulleres: máis de dous terzos de mulleres que de homes (OMS, 2009).

Dos 114 millóns de crianzas non escolarizadas, o 60% son nenas (OMS, 2009).

Ademais, as mulleres dos países empobrecidos non posúen nin o 2% da terra cultivable malia producir o 70% dos alimentos (UNIFEM, 2010).

1.5. No ámbito laboral as desigualdades seguen a ser patentes.

Segundo a Organización Internacional do Traballo, as mulleres gañan menos: entre un 70 e un 90% do que gañan os homes por un traballo do mesmo valor (OIT, 2011).

Ademais, as mulleres traballan durante máis horas que os homes se se toma en consideración o traballo remunerado e o non remunerado (ONU, 2010).

Só 13 das 500 maiores empresas do mundo contan cunha muller a cargo da Dirección Xeral. Cando hai un acceso das mulleres á educación, elas obteñen mellores resultados académicos cós homes, pero esta superioridade académica non se corresponde coa súa situación laboral (ONU, 2010).

En canto ó Estado Español:

- Máis dun 80% de traballos a tempo parcial son realizados por mulleres (CCOO-FOREM, 2000)

- O 88% das tarefas domésticas son

realizadas por mulleres e tan só un 12% son realizadas por homes

- O traballo non remunerado -incluído o voluntariado- supón o 60,71% do PIB. As mulleres realizan un 80% dese traballo (Instituto de la Mujer, 2002)

1.6. Asemade, a violencia estrutural tamén impide ás mulleres acceder a postos de decisión

Desde finais da segunda Guerra Mundial, tan só 40 mulleres foron presidentas de goberno ou xefas de estado no mundo (UNIFEM, 2010).

Na actualidade hai, no



mundo, 143 xefes de estado e tan só 7 mulleres que desenvolven tal cargo (UNIFEM, 2010).

De media, só un de cada seis ministros é muller (UNIFEM, 2010).

Tan só en 23 países as mulleres constitúen unha masa crítica -é dicir, máis do 30 % - na Cámara Baixa ou na Cámara Única do Parlamento Nacional (UNIFEM, 2010).

1.7. A violencia de xénero é evidente no contexto da Igrexa católica.

A Igrexa católica non considera ás mulleres iguais ós homes.

Resulta preocupante -

mesmo gravísimo- que a Igrexa católica, como institución, **non denuncie a violencia contra as mulleres** coa mesma contundencia que si utiliza ante outros temas.

A **falta de transparencia**, o silencio informativo e o escurantismo explican a ausencia de datos específicos sobre a violencia de xénero no interior da Igrexa católica. Aínda así observamos que:

- Dende o século I ata hoxe houbo 265 Papas, todos foron homes, ningunha muller (web do Vaticano, 2011)

- Os membros das 113 Conferencias Episcopais existentes en todo o mundo

son homes (CEE, 2011). Non hai ningunha muller

- Na actualidade, no Estado Español exercen o seu ministerio once cardeais, catorce arcebispos, 52 bispos residenciais e nove bispos auxiliares. Non se contabiliza ningunha muller neses cargos (CEE, 2011)

- En 2010 ordenáronse 162 sacerdotes diocesanos no Estado Español. Entre eles non hai ningunha muller (CEE, 2011)

As mulleres estamos **excluídas da estrutura de goberno** da Igrexa pola única causa de termos nacido mulleres.

Incluso as mulleres que viven en **congregacións relixiosas ou institutos seculares** carecen de plena autonomía interna ó depender da xerarquía eclesial e/ou das **congregacións masculinas**.

Ó longo da súa historia, a Igrexa **non recoñeceu autoridade** ás mulleres. Tan só se nomearon tres doutoras da Igrexa a finais do século XX (Teresa de Ávila e Catarina de Siena, en 1970, e Teresa de Lisieux en 1997),



fronte ós 30 doutores nomeados dende o século XIII até a actualidade (web do Vaticano, 2011).

Só 10 dos 103 *convenios da ONU sobre os dereitos humanos* foron subscritos pola Igrexa Católica. Entre

os que o Estado do Vaticano non asinou figuran: Convención para a Supresión da discriminación baseada na sexualidade, Convención para a Protección dos dereitos das Mulleres, Convención contra os crimes de guerra.

Tampouco asinou a Declaración de Dereitos Humanos de 1948 (ONU, 2011).

2. Sentimos INDIGNACIÓN por toda esta violencia da que ningunha de nosoutras estamos libres.

2.1. Por iso, como cidadás desta sociedade, denunciámos que:

a. A violencia de xénero é consecuencia do **desequilibrio de poder** entre homes e mulleres. No proceso de socialización edúcase ós nenos para desenvolver actitudes de dominio e ás nenas actitudes de submisión; outórgaselle a preponderancia ó sexo masculino potenciando situacións de superioridade dos homes sobre as mulleres.

b. O **patriarcado** é o sistema que sustenta esa situación de dominio, que por ser de dominio xa é violenta. Para facelo, activa o **machismo**, o **sexismo**, o **androcentrismo**, os **micromachismos** e a **misoxinia**.

c. O sistema patriarcal -para manter a situación de dominio- non só exerce unha **violencia directa** visible, senón que xera a **violencia simbólica** que mantén a mulleres e homes no papel asignado socialmente e a **violencia estrutural**, que advertimos na discriminación por xénero imperante nas institucións políticas, económicas, relixiosas e académicas, e na organización social en xeral.

d. Para evidenciar o substrato sexista en numerosos asasinatos e mortes de mulleres empézase a usar o termo **femicidio** ou femicidio fronte a conceptos aparentemente neutros como **homicidio**.

2.2. E como mulleres crentes dentro da Igrexa católica, denunciámos que:

a. O dereito canónico e as normas eclesiásticas **lexitiman a situación de desigualdade** das mulleres dentro da Igrexa.

b. Todas as mulleres da Igrexa estamos **excluídas** do acceso ó presbiterado e ó episcopado por razón, exclusivamente, de sexo.

c. As mulleres que traballamos na Igrexa, carecemos do dereito a **participar na toma de decisións**.

d. Apenas existe **recoñecemento oficial nin retribución económica** para as mulleres que exercen funcións dentro da institución eclesial.

e. A organización e o funcionamento da

institución eclesial *xustifican e reforzan o tradicional estado de submisión das mulleres*, discriminándonos a diferentes niveis.

f. Se toda discriminación supón violencia entón nós, mulleres, na nosa Igrexa, *estamos violentadas porque estamos excluídas*. Esta situación é especialmente grave

porque *sacraliza a relación de dominio home-muller* e todas as violencias que esta xera.

g. Tendo en conta todo isto, denunciámos que a Igrexa católica é unha *institución patriarcal* que asume os fundamentos do sistema patriarcal e *que exerce*, polo tanto, *violencia contra as mulleres*: violencia directa, violencia

simbólica e violencia estrutural.

h. Malia os pasos dados por algunhas outras confesións cristiás e non cristiás, entendemos que *o resto das relixións* seguen a ser tamén patriarcais e, polo tanto, están a exercer igualmente *violencia contra as mulleres*.

3. Fronte a toda esta realidade de violencia, as loitas feministas -pioneiras nas prácticas pacifistas- conseguiron avances sempre a favor das mulleres e nunca en contra dos homes.

O nacemento do feminismo –hai xa máis de trescentos anos– fai abanear os alicerces do sistema patriarcal. É un novo paradigma que nace da experiencia,

da subxectividade e da acción das mulleres. É un movemento social e político mundial que xera alternativas reais para vivir en igualdade e equidade homes e mulleres.


xénero, iníciase unha *toma de conciencia* que posibilita pasar de entender a violencia contra as mulleres como algo normal e mesmo natural, a entendela como o resultado dun sistema inxusto: *a violencia de xénero é un mal social colectivo, non algo provocado pola muller que a padece*.

O seguinte paso será *promover leis* que non deixen impune a violencia de xénero:

- A *Convención para a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller* que aproba a Asemblea Xeral da ONU (1979) e ratifican 150

Os primeiros pasos das nosas antecesoras feministas tiñan como obxectivo conseguir o dereito ó voto e á educación e propiciar cambios nas lexislacións.

No tocante á violencia de



países. Por ter carácter vinculante é o marco xurídico básico para erradicar a discriminación sexual.

- A *IV Conferencia Mundial sobre da Muller* (Beijing, 1995), que determina por primeira vez que os costumes, tradicións

e relixións non xustifican a discriminación contra as mulleres nin os atentados contra a súa vida ou os seus dereitos fundamentais.

- A *Lei Integral contra a Violencia de Xénero* que aproba o Parlamento español (2004).

- A *Lei galega para a*

igualdade de mulleres e homes (2004).

- A *Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia* (2007).

- A *Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de Xénero* (2007).

4. Tendo en conta todo isto, as mulleres da asociación MCG-EXERIA reivindicamos unha sociedade sen violencia de xénero.

Unha sociedade onde nacer muller non sexa un factor de risco, unha sociedade na que nenas e nenos medren con igualdade de dereitos e con liberdade para decidir sobre a propia vida.

4.1. Como cidadás desta sociedade

a. Queremos estar atentas para **non permitir ningún tipo de violencia contra nós mesmas** por parte da nosa parella, no seo da nosa familia, no noso lugar de traballo, no noso entorno próximo...

b. Comprometémonos a **apoiar a calquera muller** que padeza algún tipo de violencia de xénero no ámbito familiar, laboral, veciñal...

c. Responsabilizámonos en **denunciar calquera situación próxima** de violencia de xénero nos organismos oportunos.

d. Empeñámonos en **deconstruír os modos patriarcais** da nosa linguaxe, das nosas actitudes e actuacións que levan consigo violencia cara a nós mesmas e cara a outras mulleres.

e. Queremos coidar as relacións interpersoais, fomentando **relacións horizontais, liberadoras e de reciprocidade**.

f. Comprometémonos a **superar os roles de xénero** que impoñen pautas de **identidade** e comportamento rixidas e rouban liberdade.

g. No mundo laboral, defendemos unha **igualdade de oportunidades e de salarios** para as mulleres, coidando especialmente os **periodos de xestión e maternidade**.

h. Apoiamos o acceso das mulleres a **postos de decisión** en calquera ámbito social: no político, no económico, no académico...

i. Comprometémonos a traballar pola **derrogación da Lei de Apoio á Familia e á Convivencia** da Xunta de Galicia, unha lei que pretende devolver ás mulleres ao seu rol tradicional.

4.2. Como mulleres

crentes dentro da Igrexa católica

- a. Queremos loitar contra calquera tipo de *discriminación por razón de sexo* dentro da Igrexa e *denunciala publicamente*.
- b. Comprometémonos a *non transixir con ningún tipo de violencia de xénero* contra nós mesmas ou contra outras mulleres dentro da Igrexa.
- c. Empeñámonos en que se revisen e retiren os *textos litúrxicos* ofensivos ou discriminatorios para as mulleres.
- d. Defendemos o acceso das mulleres ós *centros de estudos teolóxicos da Igrexa* sen discriminación de xénero algunha.
- e. Traballamos polo *libre acceso das mulleres a todos os ministerios eclesiais*, incluído o da orde sacerdotal.
- f. Buscamos construír unha Igrexa que *valore a diferenza* que achegan as mulleres: as súas sensibilidades, os seus corpos, as súas voces, as súas situacións e problemáticas diversas...
- g. Involucrámonos en grupos e espazos alternativos de Igrexa, nos que se potencie a *circularidade* como forma de compartir a vida, de organizármonos, de levar a cabo accións e de resolver conflitos.
- h. Apostamos por unha *Igrexa democrática* onde mulleres e homes poidan vivir e decidir en igualdade.
- i. Empeñámonos en traballar por unha Igrexa que *denuncie e condene con firmeza a violencia de xénero* en calquera das súas dimensións.

Reivindicamos e traballamos, polo tanto, por un modelo de sociedade e de igrexa non patriarcal, único capaz de facernos felices tanto a mulleres como a homes.

Santiago de Compostela, Novembro 2011

**ASOCIACIÓN MULLERES
CRISTIÁS GALEGAS
EXERIA**

mcgexeria@gmail.com

